

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia**FICHA RESUMO****PE 403A 2010/36-5**

Ano	2011
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CANGAS
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	Navalla (<i>E.arcuatus</i>) e longueirón (<i>E.siliqua</i>)
Ámbito do plan	Dende Punta Canaval ata Punta Couso e illas Cíes
Subzonas de explotación e bancos	<p>Subzona 1: COSTA NOROESTE DA RÍA DE VIGO</p> <p>GAL 11/01 VI-089 Barra I, Praias de Barra e Nerga VI-091 Barra Navalla VI-094 Liméns VI-095 Borneira-Fanequeiro</p> <p>-----</p> <p>GAL 11/04 VI-088 Massó VI-090 Rodeira</p>
(1) Parque Nacional Illas Atlánticas	
Subzona 2: ILLAS CÍES (1)	<p>GAL 11/01 VI-093 Rodas VI 178 Viños VI 079 Carracido VI-092 San Martiño</p>

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores/habilitacións
	17	25
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	225										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : (*) de xaneiro a decembro. Establecerase unha veda de dous meses consecutivos para a navalla entre febreiro e maio. Durante os 2 meses de veda da navalla, poderá extraerse longueirón, quedando vedado durante os 10 meses restantes.											
Modalidade⁽³⁾ : mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
B-A	B-A	B-A	B-A	B-A	B-A	B-A	B-A	B-A	B-A	B-A	B-A

Topes de captura

Especies	Mergullador enrolado e a bordo/día
Navalla	20 kg
Longueirón	15 kg

Artes ou técnica de extracción	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende
---------------------------------------	---

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia

superficie

Puntos de control	Embarcación na zona de produción e lonxa de Cangas.
Puntos de venda	Lonxa de Cangas.

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ambito do plan: A actividade dentro do ámbito do Parque Nacional das Illas Atlánticas desenvolverase de conformidade co establecido no Plan Rector de Usos e Xestión (PRUG) aprobado para o Parque Nacional.

Recoméndase que a zona A se subdivida, como mínimo en tres zonas de traballo, co obxecto de que sexan explotadas de forma rotatoria, permitindo o descanso dos bancos e facilite a análise da evolución destes dunha forma individualizada

Calendario de extracción: Terán que aportar un calendario que permita unha explotación alternativa e rotatoria de todas as subzonas, que terá que remitirse coa primeira solicitude de apertura.

Cota máxima de captura: os topes de captura son os establecidos na ficha, sen que poda superar a cota de captura de 20 kg/mergullador/día para a navalla, ou de 15 kg/mergullador/día, para o longueirón, non podendo extraerse as dúas especies o mesmo día. Se os resultados das mostraxes que se efectúen con anterioridade á explotación así o aconsellan poderán reducirse estes topes de captura.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro das capturas e das tallas individualizado por



banco. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Actividade de mergullo:

O informe da actividade de mergullo de data 12.11.2010 indica que se poden autorizar as inmersións necesarias para a execución do plan, sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, coas seguintes especificacións:

- Só pode ir con subministro de aire (só ten a tarxeta de recolector submarino):

Artes a empregar:

Mergullo en apnea: máximo 10 metros

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo 12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Coa primeira apertura mensual deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

Plan de control

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo.

Punto de control: O punto de control é un paso obrigado para todos os participantes no plan de explotación. Non se describe o sistema de control de forma detallada.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Deberán achegar, antes do inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- O funcionamento do punto de control e responsables deste.

Recomendacións para a mellora do plan.

- Revisar xunto co biólogo de zona, a subdivisión e rotación das zonas de traballo.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas: A Administración do Parque Nacional da Illas Atlánticas emitiu informe con data do 29 de novembro de 2010, respecto ao plan presentado.